

.....A cultura en Culleredo
na Segunda República:.....

.....O «Ateneo de
la Villa de Rutis»...

.....por Carlos Pereira.....



Arquivo Histórico do Ateneu Libertário Ricardo Mella



R/ Falperra, 81b 15007 A CORUÑA Tel/Fax: 981 234 344
 Correspondencia: Apdo 928 15080 A CORUÑA
 E-mail: alrmella@hotmail.com

.....O primeiro número da
Colección Xerminal,.....
titulado
A cultura en Culleredo
 na Segunda República: O Ateneo de
 la Villa de Rutis».....
rematouse de imprimir no
 mes de abril de 2001 na cidade da
 Coruña.....
O estudo e a recompilación
 de textos son de Carlos Pereira.....
A Colección Xerminal é unha
 iniciativa do Arquivo Histórico do Ate-
 neu Libertário Ricardo Mella» da Co-
 ruña.....

Introducción

Se algunha entidade cultural destacou polo seu labor cultural dinámico no concello de Culleredo, na Segunda República, foi o que se denominou «Ateneo de la Villa de Rutis». Dende hai algún tempo, fixemos algunhas achegas sobre o quefacer do «Ateneo» e outras asociacións e personaxes. [PEREIRA MARTÍNEZ, 1996a, 1997b, 1997c, 1998a, 1998b] Non foi, sen embargo, a única entidade en ofertar á cidadanía unha programación estable. Aínda que neste traballo tentaremos desenvolver máis polo miúdo esta proposta libertaria en Culleredo, reparemos, sequera sucintamente, as outras contribucións.

O asociacionismo cultural en Culleredo

A entidade cultural pioneira de Culleredo é a Sociedade Recreativa «La Verdad», constituída o 10 de novembro de 1910, no Portádego (Rutis). [Arquivo do Reino de Galicia, Gobierno Civil, L-5124; G-2557] Foi o seu presidente Electo Carballo Matos, futuro alcalde de Culleredo na IIª República, entón aínda un mozo. A súa primeira xunta directiva estaba composta por Electo Carballo Matos, presidente; Roxelio López Sexto, vicepresidente; Antonio Mouriño Gómez, secretario; Ramón Canosa Naya, vicesecretario; Cándido Fernández Jaspe, tesoureiro; Xosé Lafuente Gómez, contador; vocais: Marcial Blanco Baldomir, Manuel Veira Seijas, Benito Pan García, Xosé Gómez Pérez e Xoaquín Sánchez Ramallo.

Pasarán varios anos ata que atopemos outra asociación de carácter cultural; trátase da Sociedade "Recreo" do Portádego (Rutis), fundada en 1924, e da que falaremos despois máis de vagar. Un ano despois, o 1 de febreiro de 1925, constitúese a "Unión Pro-Cultura" de Celas de Peiro, que se disolverá o 8 de xaneiro de 1928. Os 20 socios fundadores elixirán a súa primeira Xunta Directiva, formada polas seguintes persoas: presidente, Manuel Fariña Campelo (futuro concelleiro na época da Fronte Popular, e directivo da "Alianza de Labradores de Culleredo", vencellada ao "Partido Radical Socialista"-; vicepresidente, Manuel Pedreira Pazos; secretario, Ramón Calviño Rama; vicesecretario, Melchor Ramallal García; tesoureiro, Xosé Sánchez Ponte; bibliotecario, Clemente Patiño Pedreira; vocais, Xoán Hermida Zas –futuro presidente da Agrupación Local de "Izquierda Republicana" de Celas-, Francisco Martínez Torres, Remixio Uzal Cardo, Xosé Naya Rumbo, Antonio Mosquera e Benito Marta Ríos. Outros presidentes desta sociedade serían o mestre Xesús Mejuto Vázquez, [PEREIRA MARTÍNEZ, 1997a, 2000a] importante persoeiro na Coruña da IIª República, director de *El Noroeste*, directivo da Agrupación "A la Tercera República", e dirixente do "Partido Radical Socialista" e logo de "Unión Republicana", ademais de mestre masón, e Xosé Salgado Luengo. Esta sociedade terá inicialmente a súa se na escola de Celas; entre os seus fins, estaban, ademais da realización de eventos de carácter cultural, o apoio, mesmo económico, á escola da parroquia. [ARG, Gobierno Civil, L-5124; G-2557]

Na parroquia de Ledoño nacerá a "Recreativa Ledoñesa". O seu Regulamento, redactado o 30 de novembro de 1928, foi legalizado días despois. Nos seus fins figuraban algúns como realizar xuntanzas dominicais das familias dos asociados, organizar actividades de recreo e deportivas, socorrer –sempre que se puidese– aos pobres da parroquia, etc. A única Xunta Directiva que coñecemos estaba composta por: presidente, Felipe Mínguez Serrano –vixiante das obras do ferrocarril (represaliado na época do Bienio Negro), futuro presidente da Comisión Xestora Republicana ata xuño de 1931, e concelleiro, e tenente de alcalde, da ORGA e directivo, nas postrimerías da República, do "Ateneo Popular Coruñés"- [PEREIRA MARTÍNEZ, 1998c]; secretario, Manuel García; tesoureiro, Daniel Rumb; contador, Anxo Fernández; delegado deportivo, Fernando Rumbo; delegado de festexos, Xesús Naya;

vocais, Xesús Pedreira, Urbano Fernández, Daniel Vázquez e Ricardo Patiño. [ARG, Gobierno Civil, G-2557]

Entramos xa no período republicano. Ademais do "Ateneo de Rutis", outras entidades culturais desenvolven diversas actividades culturais no Culleredo na Segunda República. Algunhas aparecen vencelladas ao mundo libertario; outras son promovidas polo P.C.E. e outras teñen carácter independente, aínda que xeralmente progresista.

Dentro das libertarias, destacaremos o "Centro Cultural do Burgo", que xa aparece funcionando a finais de 1931. O 8 de novembro celebran un acto no salón "Cine Nuevo" do Burgo. Presentado polo presidente do Centro, falou en primeiro lugar Benito Couceiro, un destacado e histórico cenetista coruñés, que explicou aos concorrentes cal era o obxectivo do funcionamento das bibliotecas circulantes, avogando pola unidade espiritual de todos os centros culturais. A continuación, o cullerdense Manuel Rodríguez Matos, do que falaremos máis de vagar, disertou sobre o tema "Fundamento y génesis del divorcio". [*La Voz de Galicia*, 10-11-1931]

Tamén nas inmediacións do Burgo, no "Salón Alfonso" do Temple, estaba prevista para o mes de setembro de 1931 unha representación teatral a cargo do cadro de declamación do "Nuevo Liceo de Monecos". [*LVG*, 29-8-1931]

Na parroquia de Almeiras fúndase o Ateneo Libertario «Campo Libre», inscrita oficialmente o 2 de xullo de 1936. [ARG, Gobierno Civil, L-5099] Dedicada á instrución e educación, foi o seu único presidente Xosé María Galán Becerra, un destacado cenetista, que sufriría posteriormente a represión. Sería posto en liberdade o 11-1-1939, tendo que presentarse cada oito días no cuartel da Garda Civil de Sigrás. O 15 de xuño de 1940 levantóuselle a sanción. [ARG, Gobierno Civil da Coruña, L-4964]

Vencellado ao Partido Comunista aparece o "Club Obrero. Sociedad Cultural", de Rutis. O seu regulamento, redactado oito días antes, aprobase o 30 de xullo de 1932. Tiña o seu enderezo no lugar da Corveira. Na súa Comisión organizadora aparecen Eladio Freire García, Manuel Naya Regueira e Xosé Suárez Vázquez, todos do P.C.E. (verémoslos formar parte do "radio" comunista comarcal de Rutis algún tempo des-

pois). No seu Regulamento dise que é unha Sociedade “compuesta de obreros e intelectuales, asi como de todos los ciudadanos que quisieran formar parte de dicho Club”. Dentro dos seus obxectos estaban difundir a cultura, organizar conferencias de carácter instructivo, veladas e “actos orales”, e crear unha biblioteca. E no seu Preámbulo –que curiosamente vén ao final- manifestase que, dado que “la ignorancia engendra la esclavitud del hombre y la miseria su degeneración moral”, o Club tentará, coas súas actividades, remediar isto.

Impartíanse neste club, segundo soubemos, clases nocturnas para obreiros. [ARG, Gobierno Civil, G-3641]

Entidades independentes, pero de carácter progresista, serían algunhas como a Sociedade Recreativa e Instructiva «Liceo de Sésamo». O seu regulamento, redactado o 20 de setembro, foi aprobado o 1 de outubro de 1934. Foi o seu primeiro presidente Isolino Patiño, que sería concelleiro da Fronte Popular, sendo secretario Adolfo Veira. O artigo 2º di que “el objeto de esta Sociedad es la instrucción y recreo para los socios y nunca podrá tener color político ni religioso, y sostendrá una biblioteca para uso de todos los socios”. [ARG, Gobierno Civil, G-3641]. Na parroquia de Culleredo constitúese, con Regulamento de 17 de abril de 1936, a “Sociedade Recreativa e Instructiva de Culleredo”. Tiña o seu enderezo no lugar da Hermida (Culleredo). [ARG, Gobierno Civil, L-5099] O seu presidente foi Xosé Vilar Sánchez. O 16 de maio de 1936 solicitou ao Concello unha doazón de libros con destino á biblioteca da sociedade, ou unha subvención para mercalos. A Corporación Municipal concedeulle a cantidade de 50 pta, indo a mercalos unha comisión Concello-Sociedade. [Arquivo Municipal de Culleredo, Libro de Actas da Corporación]

Non estamos seguros de se foi a “Recreativa Ledoñesa”, ou a propia escola nacional, a que organiza en Ledoño unha velada teatral, a cargo dun grupo de mozos alumnos das clases nocturnas, a beneficio do centro docente. O acto ten lugar o 24 de marzo de 1935, anunciándose, na prensa, que estaban próximos a comezar os ensaios de dúas obras: *Estadeíña* de Lugrís Freire, e *A tola de Sobrán*, de Francisco Porto Rey. [LVG, 30-3-1935]

Na parroquia do Burgo consolídase un Cadro de Declamación, dirixido por Isidro Silva. Compoñían o elenco do mesmo as mozas Amelia

Paz, Celia Guillín e Pilar Guitián, e os mozos Alfredo Sabio, Ramón Docampo, Manuel Paz e Xosé Rodríguez. Algúns deles pertencían á que se denominaba “colonia de verán”, é dicir, ás familias burguesas que por aquí posuían residencias de verán.

Temos constancia da celebración de dúas actuacións deste Cadro de Declamación. A primeira delas consistiu un festival benéfico, a prol dos pobres da parroquia, celebrado no Cine “Rialto” do Burgo (local que algún tempo despois xestionaría o coñecido empresario de espectáculos coruñés Gumersindo Pereira Nouche, que posuía unha “quinta” da Acea de Ama –na súa casa falecería, en 1926, Alejandro Pérez Lugín-. Realizouse este festival o 3 de setembro de 1932, sendo o programa o seguinte:

1. Sinfonía, a cargo da orquestra.
2. *La llegada del ministro*, xoguete cómico, polo Cadro de Declamación.
3. Recital do tenor Eduardo Prado, acompañado ao piano por Antonio Prado. O dúo interpretou as seguintes obras: “Meus amores” de Xosé Baldomir, “Un adiós a Mariquiña”, de Xosé Castro “Chané” e “Nostalxia” de Hugo Wolf.
4. *Almas sinxelas*, sainete de Xabier Prado Rodríguez “Lameiro”, a cargo do Cadro de Declamación.
5. Interpretación de “Los claveles”, de Serrano, “Luisa Fernanda”, de Serrano, e o “Danubio azul”, de Strauss, a cargo da orquestra.
6. Diálogo *O miñado e máis a pomba*, de Avelino Rodríguez Elías.
7. Interpretación de “Rapaces do Rihn”, de Osterman, polo citado tenor Eduardo Prado e a orquestra. A formación musical estaba formada polos seguintes músicos: Prado, Llanos, López e Guijarro. [LVG, 1, 3 e 6 de setembro de 1932]

Dous anos despois, o 22 de decembro de 1934, volven celebrar outra velada benéfica; nesta ocasión, a beneficio do veciño do Burgo Marcelino Sabio. Ao elenco teatral incorpórase unha moza, Carme Mariña. E

representan:

Almas sinxelas, de Prado "Lameiro"

La llegada del ministro

A tola de Sobrán, de Porto Rey. [LVG, 20-12-1934]

No Portádego (Rutis), tamén existía unha Escola de Declamación, que dirixía un tal Lago. Coñecemos unha velada teatral celebrada o domingo 31 de decembro de 1933, no "Cine Portazgo", no cal representarán a comedia de Felipe Sassone *La señorita está loca*, e un propósito, nun acto, da autoría dun mozo do lugar, titulado *Miss Palavea*. Ademais, a moza Manolita Mantiñán Ferreiro realizou parodias e imitacións de coñecidos artistas. [LVG, 29-12-1933]

En abril de 1934 volveron celebrar unha velada teatral, publicándose unha fotografía na prensa. [LVG, 11-4-1934]

Quizais este Cadro de Declamación pertencese á Sociedade "Recreo" do Portádego, que legalizara os seus estatutos o 23 de agosto de 1924 (o regulamento era de 21 de agosto) na que aparecían como promotores Marcial Fernández, Xosé Iglesias Camas, Antonio Armesto, Luís Carro, Pedro López, Arturo ¿? e Xoán Viñuelas, propietario do "Cine Portazgo", xa existente neste momento, e que no artigo 8º dos seus estatutos dicía que, ao dispor a sociedade do salón do Cine como local social, poderíanse organizar diversos eventos, entre eles "alguna velada por la sección de declamación si llega a conseguir poder realizarla..". [A.R.G., Gobierno Civil da Coruña, G-2496]

Neste mesmo lugar, sen que saibamos quen foron os organizadores (¿quizais os mesmos?), celebrouse o 1 de xuño de 1935 unha velada artístico-cultural. No programa, a "Agrupación Albéniz" da Coruña executou obras de Grieg e outros compositores. A continuación, o avogado Manuel María González, membro de Izquierda Republicana e ex gobernador civil, pronunciou un relatorio sobre "Unión de los centros culturales". Por último, o Coro "Follas Novas" interpretou varios números do seu repertorio. [LVG, 1-6-1935]

Tamén a sociedade coruñesa “Germinal” tiña previsto organizar, o 19 de abril de 1936, unha conferencia a cargo dun profesor da Escola racionalista de Lugo —escola que viña de visita á Coruña— sobre a “Química”. Desenvolveríase esta nas instalacións da empresa química CROS, no Burgo. [LVG, 18-4-1936] Pero, ao non solicitar con tempo a autorización, non se puido visitar a fábrica. [Solidaridad, 44 (A Coruña, 25-4-1936)]

O Anarcosindicalismo en Culleredo

¿Qué explica a presenza de varias entidades culturais libertarias en Culleredo? A historia vén xa de finais do século XIX, no que constatamos a celebración dun mitin no Burgo, [El Corsario, 124 (23-10-1892); 128 (20-11-1892)] e algúns veciños do Burgo fanse suscriptores do semanario anarquista coruñés *El Corsario* [EC, 137 (29-1-1893): os suscriptores son R. S. e M. L.; 138 (5-2-1893): o suscriptor é B. L.; 146 (2-4-1893): o suscriptor é R. Sabio —o que antes aparece como R. S.].

Estes primeiros vencellos co mundo libertario callarán na experiencia do asociacionismo agrario anarquista en 1907, a “Unión Campesina”, promovidas por Manuel Martínez Pérez, e que contou con seccións en case todas as parroquias de Culleredo.

A partir de 1931 comeza a estenderse a afiliación á “Confederación Nacional del Trabajo” (C.N.T.). [PEREIRA GONZÁLEZ 1994: pasim; ARG, Gobierno Civil, G-2872] No verán deste ano xa hai unha “Unión Campesina” cenetista funcionando en Culleredo, creándose pouco despois outras, que acabarán federándose, xunto coa de San Pedro, na que se denominou “Federación Comarcal de San Pedro de Nós”. Neste período danse moitos mitins polas Mariñas, participando oradores das aldeas e cadros cenetistas. Os temas que se tratan son os problemas da aldea, os trabucos, a Lei de Foros, os caciques, os cregos, autoridades, etc. Entidades culturais de ideoloxía anarquista, como o

“Ateneo de Rutis”, colaborarán na organización dos labregos de Culleredo.

É de destacar tamén o traballo desenvolvido polo Partido Comunista, que tenta repetidamente, xa nestas alturas, orientar as actividades de diversas organizacións agrarias de Culleredo, nomeadamente a de Castro-Laxe (Rutis). Iso obriga á C.N.T. a facer grandes esforzos, visitando Culleredo experimentados militantes co obxecto de lles explicar aos labregos, de escasa formación ideolóxica, cal era ideario da Confederación, especialmente no que se refería á non participación nos procesos electorais e ás incompatibilidades entre cargos públicos, ou en partidos políticos, con cargos de responsabilidade sindical.

O 26 de xuño de 1932, segundo o veciño de San Pedro de Nós, Emilio Novás, que sería o seu primeiro secretario, aínda que oficialmente o seu regulamento foi aprobado no Goberno Civil o 12-7-1932 [LVG, 13-7-1932] créase a “Federación Comarcal de San Pedro de Nos”. Agrupaba inicialmente ás sete asociacións seguintes: “Unión Campesina” de Culleredo, Sindicato de Campesinos de Almeiras (Culleredo), Sindicato de Campesinos de Castro e Laxe (Rutis-Culleredo), Sociedade Agraria de Sésamo (Culleredo), Sociedade Agraria de Celas de Peiro (Culleredo), Sociedade Agraria de Pravio (Cambre) e Unión Campesina de San Pedro de Nós (Oleiros); pouco a pouco foron ingresando na Federación outras máis de Sueiro (Culleredo), Sigrás (Cambre), Brives (Cambre), “El Avance Campesino” de San Vicente de Vigo (Carral), Santa María de Vigo, Lema (Cambre) e Cela (Cambre), tendo solicitado a entrada algunhas máis dos concellos de Oleiros e Carral. [SO, 107, 21-1-1933] En setembro de 1932 contaban cuns 1600 afiliados, cifra nada desdeñable, sendo o seu obxectivo a implantación do comunismo libertario. Despois entrarían sindicatos como “Fraternidad Campesina”, de Orro (Culleredo), o “Sindicato de Oficios Varios del Burgo y sus contornos”, o “Sindicato de Areneros” da Ría do Burgo, sociedades de Campesiños de Perillo, Cecebre, Cañás, entre outras.

No verán de 1932 celébrase unha magna asemblea en Vilaboa, na que participan máis de 50 sindicatos, moitos deles autónomos, e uns 7000 labregos. Nesta xuntanza debatéronse os problemas dos pagamentos dos arrendamentos. Militantes de Culleredo e da Comarcal participaron na mobilización de Meirás, provocada porque o marques de

Torre de Cela quería expulsar a uns colonos. En agosto de 1932 o sindicato “Unión Campesina” de Culleredo participa no Pleno da Confederación Rexional Galaica celebrado en Ferrol.

A Comarcal participa activamente nas folgas de maio de 1933, na cal se queiman varias igrexas na comarca, e na folga xeral do 10 de decembro de 1933. Neste último conflito prodúcense varios tiroteos, atentados contra o tendido ferroviario, queima de igrexas, etc. Pero o acontecemento máis rechamante é a tentativa de asalto ao cuartel da Garda Civil de Oleiros, levado a cabo por campesiños cenetistas da Comarcal coa axuda dalgúns coruñeses. Ao parecer, foi planificado en varias xuntanzas celebradas na Coruña, aínda que non había unanimidade respecto da oportunidade desta acción. Participaron no asalto uns 30 afiliados. No tiroteo subseguinte resultaría alcanzado o ferroviario Francisco Llerena, que morrería a consecuencia das feridas, aparecendo o seu corpo nas inmediacións. As detencións ascenderon a un centenar, sendo confinados nun salón de baile de Cambre; moitos deles permanecerían bastante tempo no cárcere. Ingresaron tamén en prisión algunhas directivas de sindicatos anarquistas, como o de Culleredo, clausuráronse os locais.

Os sindicatos agrarios sufrirán unha fonda crise. Meses despois, cando a C.R.G. tenta reorganizarse, nun boletín interno aparece un listado de sindicatos da Comarcal, pero sen facer contribucións económicas desde había varios meses.

Unha das persoas encarceradas foi o militante da C.N.T. Ernesto Santiso, residente en Vilaboa, do que nos ocuparemos despois. Por el pediría clemencia o alcalde de Culleredo Electo Carballo Matos, co que a C.N.T. tiña fondas discrepancias, cando o presidente da República, Niceto Alcalá-Zamora, se detivo en Vilaboa en agosto de 1934, durante a súa visita a Galicia. [PEREIRA MARTÍNEZ, 1996b]

Non será ata o primeiro semestre de 1936 cando a C.N.T. recupere a plena actividade, celebrando numerosos mitins de afirmación sindical, un deles no Burgo. A mediados de 1936 había en Culleredo sociedades anarcosindicalistas en Celas, Castro-Laxe, Rutis, Almeiras, Sésamo, Culleredo, Orro e Sueiro, integradas na “Federación Comarcal de San Pedro de Nos”, á cal pertencían, arestora, 26 sindicatos.

O comunista de Vilaboa Eladio Freire, home destacado no movemento obreiro, debido ao interese do partido en controlar os sindicatos agrarios, parece que acadou que o sindicato de Castro-Laxe (Vilaboa) abandonara a C.N.T.; nun pleno celebrado en Sigrás manifestaron que estaban dispostos a continuar na Comarcal, pero sen cotizar á Confederación; a mesma decisión adopta o Sindicato de Culleredo pero, en principio, semella que só Vilaboa deixa de pertencer á C.N.T. [*Solidaridad*, 56, 18-7-1936]

Os Ateneos Libertarios na comarca.....

Os libertarios crearon na comarca coruñesa, ao longo da IIª República, unha mancha de asociacións de similares características á de Rutis. Ademais das cullerdenses, das que xa falamos, encontrámonos outras como "Resplandor en el Abismo", da Silva (A Coruña), Centro «Luz y Vida», de Elviña, "La Antorcha Social" de Feáns, Ateneo Popular de San Pedro de Nós, Centro "El Despertar" de Río de Quintas, Centro de Estudios Sociais "Mas allá de la Aurora", de Suevos, C.E.S. "Hacia el Progreso", do Birloque, C.E.S. "El Derecho Humano", de Mesoiro, C.E.S. "Hacia la Cumbre", Nuevo Liceo de Monelos, etc. Xa existía con anterioridade á II República o célebre Centro de Estudios "Germinal", importantísima institución cultural coruñesa, tamén vencellada ao anarquismo, aínda que contaba, entre os seus asociados, con destacados republicanos como Luís Huici, que mesmo sería presidente, ou o dirixente socialista coruñés Ramón Maseda Reinante, que posuía casa na Corveira (Vilaboa). Ambos os dous morrerían asasinados en 1936. [PEREIRA GONZÁLEZ, 1998: 81-108]

O "Ateneo de la Villa de Rutis" ..

Constitución

O «Ateneo de la Villa de Rutis» foi legalizado o 23 de xullo de 1931. [LVG, 24-7-1931] Polo que sabemos, o seu primeiro presidente foi un tal Galán, ocupando o cargo de vicepresidente Ernesto Santiso Rodríguez, destacado cenetista casado e con residencia en Vilaboa.

Instalouse nunha casa fronte á entrada ao Rueiro (o edificio que está a carón do actual Centro Social de Vilaboa). Nos primeiros meses de vida do mesmo acometéronse varias reformas, dispoñendo as instalacións dun salón de actos, biblioteca, salas de reunións, etc. Precisamente os fondos da biblioteca procederon da Biblioteca Circulante de Rutis, que estaba instalada na escola que rexía Emilio Cordero Coello, a cal, previa solicitude feita polo presidente, fora concedida en depósito pola Corporación Municipal. [AMC, Libros de Actas, 3-9-1931]

Xuntas Directivas

Da primeira Xunta Directiva coñecemos só aos xa mencionados: Galán, presidente, e Ernesto Santiso, vicepresidente.

A comezos de 1932 elíxese nova Xunta Directiva, que quedou composta así:

Presidente, Uxío Caridad Bermúdez; vicepresidente, Xoán Mouriño Gómez; secretario, Emilio Cordero Fernández (fillo do mestre de Vilaboa, Emilio Cordero); vicesecretario, Pedro Míguez Larrosa; tesoureiro, Manuel Naya Seijas; contador, Manuel Mouriño Gómez; bibliotecario, Xosé Veira Patiño; vicebibliotecario, Raimundo Carballo Naya (fillo do que axiña sería alcalde de Culleredo, Electo Carballo); vocais: Manuel Rodríguez Bermúdez, Xosé Doldán Riobóo, Manuel Barbeito Trillo, Antonio Mouriño Meis, Alfredo López García e Juan Riobóo Pedreira. [LVG, 7-2-1932]

Da Directiva de 1933 só sabemos que estaba presidida por Ernesto Santiso.

Os sucesos revolucionarios de decembro de 1933 trouxeron un esmorecemento das actividades do «Ateneo», tanto polo encarceramento do seu presidente, Santiso (condenado nos inicios de 1935, que foi cando se celebrou o seu proceso, a 26 anos de prisión), como pola prohibición governativa para a celebración de moitos actos nos centros populares e obreiros. 1934 é un ano no que estas sociedades, tanto en Culleredo como na propia cidade da Coruña, están practicamente mortas. Por riba, a consecuencia da revolución de Asturias de outubro de 1934 os centros obreiros foron clausurados. Por iso, teremos que agardar a 1935 para volver ter noticia de actividades desta sociedade. Debido a isto, non sabemos nada da Xunta Directiva deste ano, aínda que quizais permanecera exercendo as súas funcións a de 1933. Sabemos que un grupo de veciños da parroquia farán xestións co Gobernador Civil, a comezos de abril de 1935, para reabrir a sociedade, clausurada dende outubro. [LVG, 2-4-1935] É a mediados deste ano cando volve haber unha certa liberdade, abríndose de novo os locais dos sindicatos e as sociedades culturais, celebrándose diversos mitins e xuntanzas políticas na comarca, que son case sempre autorizadas.

Liberado Ernesto Santiso a finais de febreiro de 1936, foi recibido na Coruña, o 1 de marzo, por moitísimos obreiros, falando no balcón da Casa do Concello coruñés. Tamén fíxoselle un gran recibimento en Vilaboa. Axiña, volveu a presidir a entidade, da que sería secretaria Virxinia Blanco.

Actividades desenvolvidas

Conferencias

A primeira actividade da que temos noticia é unha conferencia, celebrada o 3 de outubro de 1931, a cargo do célebre médico coruñés Eduardo Pérez Hervada, home de talante liberal moi ben relacionado cos anarcosindicalistas da cidade. Versou o seu relatorio sobre o asunto «Médicos y curanderos». Foi presentado polo presidente, Galán, asistindo moito público. *La Voz de Galicia* publicaría mesmo unha foto do acto. Pérez Hervada fixo historia das orixes da medicina no tempo dos Asclepiades, falando a continuación de Hipócrates e dos grandes homes que foron facendo prosperar a arte de curar, ata chegar á época actual, na que un diagnóstico, segundo a súa autorizada opinión, era algo que requiría o verdadeiro coñecemento de toda a medicina. [LVG, 3 e 4-10-1931]

Bastantes anos máis tarde, publicaría Pérez Hervada o libro, *Curanderismo y superstición*, rememorando, nunha das súas pasaxes, aquel acto en Vilaboa.

Poucos días despois, o 15 de outubro, quen diserta é o popular orador cenetista Manuel Rodríguez Matos, natural de Vilaboa, que logo sería presidente do "Ateneo Cultural San Roque de Afora", na Coruña, e que pronuncia, nestes anos, numerosas conferencias, sobre variadas temáticas, en distintas institucións da bisbarra. Rodríguez Matos falaría, nesta ocasión, dun tema de candente actualidade nese momento: «La misión cultural de los Ateneos populares», sendo presentado por Ernesto Santiso. A este acto, do que tamén dou conta a prensa, concorreu tamén coa asistencia de numeroso público. [LVG, 14 e 17-10-1931]

Estamos xa en 1932. O 13 de maio, xoves, hai outra nova conferencia. O orador escollido para esta ocasión é o escritor galeguista Plácido Rodríguez Castro, que sería un dos máximos dirixentes do Partido Galeguista na Coruña. Presentado polo presidente, Uxío Caridad, falou sobre o tema «Significación e ideales del nacionalismo», expoñendo as

teorías políticas nas que se baseaba esta ideoloxía.

Plácido foi rebatendo a acusación de reaccionarios que se dirixía contra algúns sectores do galeguismo. Segundo el, os reaccionarios eran os que defendían a unidade española, fundándose no “hecho secular” da unificación. Tentou demostrar que esta unificación fora a causa da decadencia de España e das rexións. Á súa maneira de ver, esa obra fora prexudicial, non sendo reaccionario quen desexase rectificala, aínda que esa rectificación supuxese a volta ao pasado.

Fixo unha análise do réxime que sufría Galicia. Entendía que fora ou aínda era colonial. A República non puidera aínda rectificalo, non tanto por mala vontade como pola imposibilidade de gobernar a España dende un so centro.

Estudiando o programa galeguista afirmou que era absolutamente compatible co universalismo e o federalismo internacional. Examinou a historia do século XX para demostrar que o rexurdimento das pequenas nacións era o fenómeno que máis dependería do espírito de cada pobo e non da súa extensión.

Deduciu que, polas características étnicas, sociais e xeográficas de Galicia, esta podería avanzar tanto máis polo camiño do colectivismo e canto maior fose a súa liberdade. Terminou defendendo o nacionalismo como idea creadora, que inspiraría aos galegos a superar os seus intereses individuais para faceren unha Galicia grande e fiel a si mesma.

Foi moi aplaudido e felicitado, mesmo, como se recolle en *La Voz*, «aun de los que sin controvertir, disconformes con parte de sus principios y teorías, elogiaban la forma y la claridad del discurso». [LVG, 12 e 14 ou 15-5-1932]

O 7 de novembro de 1932, luns, ás 7.30 da tarde, pronunciou unha conferencia o líder da Confederación Rexional Galaica da C.N.T., Xosé Villaverde, tratando o tema «La finalidad de la C.N.T.». [LVG, 6-11-1932]

Aínda que na prensa coruñesa non atopamos ningunha reseña posterior ao acto, si a hai na prensa confederal galega. Un artigo titulado

“La C.N.T. en el campo” recolle unha conversa entre Villaverde e un directivo do Sindicato de Castro e Laxe, que, á vez, era concelleiro de Culleredo.

Este comentoulle a Villaverde que, uns días antes, expulsaran dun Pleno de sindicatos agrarios a un delegado comunista, sen que entendese cal fora a razón. Tamén a el mesmo se lle indicara que, se quería seguir sendo membro da directiva do Sindicato, debería deixar de ser concelleiro: ambas representacións eran incompatibles.

Villaverde contestoulle que tal decisión era correcta, xa que na C.N.T. non cabía a política.

Argumentou o viciño que el tiña ideas sas e defendía aos seus compañeiros, velando porque se lles fixese xustiza; consideraba, pois, que a decisión que adoptaran con el non fora correcta: todo o mundo sabía que era unha persoa honrada.

Villaverde explicoulle que, na maior parte dos Concellos, eran os secretarios os que manipulaban todo; de aí que, se o alcalde, ou algún concelleiro, era dirixente da C.N.T., corríase o perigo de que o sindicato se vise afectado, aínda que fose de maneira inconsciente. De feito, xa se dera o caso noutros municipios, nos que dirixentes da C.N.T. que se converteran en alcaldes, acabaran por ser inimigos das reivindicacións dos traballadores. Podíase ser dirixente político ou cargo institucional e afiliado ao sindicato, pero non dirixente do mesmo. [S. O., 98 (19-11-1932)]

Este artigo vén asinado por un tal “El repórter X”.

Desta conferencia tamén se fixo eco Ernesto Santiso nunha colaboración na *Soli*, referida á importancia da propaganda:

...Fuera de todo lo expuesto, yo, concurrente a una conferencia del compañero Villaverde, dada en Vilaboa, cuyo tema era "Finalidad de la C.N.T.", he visto como la labor había producido efectos satisfactorios, ya no en gente que por sus condiciones de ignorancia no llegan a alcanzar a las primeras el sentido de las palabras, sino que surtió efectos en gentes que regían destinos públicos dentro del mismo pueblo. ¿Qué más queréis de este medio productor? [S.O., 100 (3-12-1932)]

Esta referencia ao acto de Villaverde faíños supoñer o artigo asinado por “El Reporter X” é da súa autoría.

Acaba de iniciarse o ano 1933 cando o sábado 14 de xaneiro celébrase unha conferencia a cargo de Xoaquín Martín Martínez, secretario do Concello da Coruña. O orador disertou sobre «La anexión de Vilaboa a La Coruña», falando, como indica o tema, dos beneficios que para Vilaboa, e outros lugares, tería pasar a pertencer á cidade, aínda que Martín apuntou tamén a posibilidade da creación dunha Mancomunidade.

Na primeira parte da súa disertación, Martín manifestou que a autonomía era a esencia da República, a súa razón de ser en España para que cada rexión usase da súa facultade de autodeterminación; defendeu tamén a capitalidade de Galicia na Coruña.

Falou logo da necesidade de facer da Coruña a grande cidade do N.O. de España, debendo para elo ampliar o seu territorio e a súa poboación. Esta ampliación debería abranguer parte dos concellos de Oleiros, Culleredo, Arteixo e Cambre, a ambas as dúas marxes das rías da Pasaxe e do Burgo; debía facerse ou por anexións ou por mancomunidades. Con este motivo, estendeuse explicando as vantaxes de incorporar parte do concello de Culleredo ao da Coruña, mediante pactos entre ambos e os necesarios plebiscitos.

Considerou todo isto como necesidade previa á convocatoria dun concurso de anteprojectos sobre a nova Coruña.

Resaltou como o Estado, cos seus peiraos de transatlánticos e os seus ferrocarrís a Zamora e o da Costa, preocupábase de facer da Coruña o grande porto de entrada no Atlántico e a elo debía responder a cidade converténdose rapidamente nunha grande urbe moderna.

Sinalou os fins que a Coruña había de encher como capital de Galicia, centro do turismo rexional, cidade de veraneo, grande porto español e sede de benestar e prosperidade dos seus habitantes.

Todo elo debería irse facendo carne e vontade popular, pasando antes polo entendemento a través destes actos de propaganda, e sería realidade cando en prazo breve se dictase a nova Lei municipal, que consagraría a plena soberanía municipal sintetizada no réxime de Carta municipal.

Rematada esta intervención, foi o médico Xosé Pubull Cartell que falou dos beneficios que esta anexión proporcionaría no relativo á hixiene. [LVG, 14 e 15-1-1933]

O 3 de xuño de 1933 volveu intervir o médico Xosé Pubull, disertando sobre o tema «Trabajo y régimen social». [LVG, 1-6-1933]

Logo da clausura do Ateneo, a raíz dos sucesos revolucionarios de decembro de 1933 e outubro de 1934, recupéranse as actividades públicas o 27 de xullo de 1935, martes, cunha conferencia do doutor Álvaro Urgoiti, sobre o tema «Origen de la tuberculosis en Galicia». [LVG, 27-7-1935]

E o 4 de decembro deste mesmo ano, mércores, foi o avogado e ex deputado a Cortes, o galeguista Ramón Suárez Picallo, que falou nos locais da sociedade sobre o tema «La cultura a través de las luchas sociales». [LVG, 3-12-1935]

E chegamos ao derradeiro ano de actividades do Ateneo, 1936. O 16 de maio infórmanos *La Voz* que viñera de celebrarse na sociedade unha conferencia a cargo de Albino Núñez, director do grupo escolar coruñés «Curros Enríquez», sobre o tema «La educación de los niños proletarios en las escuelas públicas». O orador, que foi presentado por Santiso, logo de mencionar os problemas dos obreiros para acadar unha educación digna para os seus fillos, pediu aos veciños que apoiasen á directiva do «Ateneo». [LVG, 16-5-1936]

Festas populares.....

Ademais das conferencias, realizáranse durante estes anos numerosas actividades de carácter lúdico-festivo.

A primeira da que temos constancia son a organización das festas do Entroido, organizando o martes 7, o xoves 9 e o luns 13 de febreiro de 1932 diversos bailes, amenizados por unha banda de música e a Rolda do «Ateneo», que se viñera de crear e que dirixía o mozo Emilio Cordero, fillo do mestre da localidade, Emilio Cordero Coello. Os bailes comezaban ás 10 da noite, rematando ás 4 da mañá. Para o regreso, un autobús levou aos coruñeses que se achegaran aos mesmos ata o Obe-

lisco. As moitas mozas que asistiran foron agasalladas con uvas, estando os locais da sociedade decorados con colgaduras e iluminación artística. [LVG, 30 xaneiro e 7 e 12 febreiro de 1932]

Un mes despois veu a celebración do San Xosé. O día anterior, o 18, a rolda do Ateneo, xa dirixida por Ernesto Santiso, dera unha serenata nocturna por Vilaboa adiante. Na festa do santo, que era só para socios e familiares, actuou unha orquestra e a rolda. Esta tivo un grandísimo éxito, ata o punto de que unha das pezas, «Baixo os teitos de París» chegaría a ser interpretada i4 veces seguidas!

Logo de rematar o baile ás 5 da mañá, a rolda acompañou no autobús aos coruñeses que asistiran, bebendo, ao regresar a Vilaboa, unhas botellas de champaña no bar social. ¡Xa se ve que iso de trasnoitar non é cousa de agora! [LVG, 18, 19 e 22-3-1932]

O 16 de abril celébrase outro baile, para a mocidade, tocando unha orquestra e a rolda, dirixida por Santiso. Víñase de facer unha boa reforma nos salóns e na biblioteca. [LVG, 16-4-1932]

O 24 de abril a Rolda vai de excursión a Ferrol. Saen de Vilaboa ás 8 da mañá. Logo de xantar no campo de Batallóns, tocan unhas pezas e argállase un baile con xente ferrolá. Máis tarde, visítase a factoría naval, Mugardos, e, na volta, fanse paradas en Pontedeume e Betanzos.

Para a viaxe estreara autobús o empresario local Manuel Debén, tristemente célebre nos acontecementos da sublevación militar de xullo do 36. [LVG, 12 e 28-4-1932]

O 25 de maio, sábado, ás 9.30 da noite, celebrouse unha nova actividade; consistiu, nesta ocasión, nunha velada literario-musical a cargo da «Asociación de Estudiantes Mercantiles» da Coruña. O diñeiro que se recadaran no acto, desenvolvido no salón «Fina Sport» -inaugurado poucos meses antes, e propiedade de Vicente Lorenzo, que o cedera gratuitamente-, destináranse a mercar novos fondos para a biblioteca.

Na primeira parte do acto, interviñeron o violinista Floracio Rey, e Castor A. Neira, guitarrista, acompañando ao cantante de tangos Xesús Rodríguez. Na segunda parte, un grupo de mozos e mozas, baixo a dirección do señor García Poveda, interpretaron un xoguete cómico titulado *Soltero y solo en la vida*, destacando a interpretación da actriz

Lolita Ovelleiro. Tamén o humorista Ramón Gutiérrez fixo algunhas parodias en galego, entre as que destacou o conto «Do buzo». Foron moi aplaudidos, sendo posteriormente agasallados pola Directiva. [LVG, 21 e 24-5-1932]

O 17 de xuño, sábado, celébrase o baile mensual que se facía a beneficio dos socios e familiares, sendo amenizado por unha orquestra e pola rolda da sociedade. [LVG, 17-6-1932]

O 10 de xullo, domingo, co gallo das festas de Vilaboa en honor ao Sacramento, organizadas conxuntamente polo «Ateneo» e o equipo de fútbol «Celta de Rutis», houbo de todo: pasarrúas a cargo de dúas bandas de música, bombas de palenque, misa solemne, desfile de moda en Vilaboa, partido de fútbol entre o «Celta de Rutis» e o «Español» de Santiago de Compostela, cunha fermosa copa en xogo e, á noite, un baile «a la veneciana» na finca de Álvaro Torres Taboada (o chamado actualmente Pazo do Souto), quen a cedeu galantemente. Actuaron dúas bandas de música e uns «cantaores», «Niño del Chalet» e «Niño del Soto», cun repertorio de tangos e flamenco, aos que acompañou á guitarra Augusto Cordero. Logo dos fogos de artificio, e rematado ó baile ás 4 da madrugada, uns autocares de Debén levaron aos forasteiros aos seus lugares de orixe. O luns 11 e o martes 12 houbo bailes no Salón «Fina Sport», con banda de música e gaiteiros.

Desta actividade publicaríase unha fotografía na que aparecen un fato de fermosas mozas. [LVG, 7, 8, 9, 10 e 13-7-1932]

E o ano 1932 rematou cun baile de despedida de ano. Contratouse, sen reparar en gastos, unha orquestra arxentina. Tamén actuou a rolda de San Pedro de Nós, dirixida por Chás, rematando o baile na madrugada, sendo agasalladas as mulleres coas uvas da sorte. Sorteouse un regalo, que lle correspondeu a Mercedes Pedreira. [LVG, 28 e 31-12-1932 e 4-1-1933]

O venres 3 de febreiro de 1933 houbo, nos salóns da sociedade, para socios e familiares, unha proxección cinematográfica a cargo do representante da casa «Kodak», señor Pillado. [LVG, 1-2-1933]

Os días 26 e 28 de febreiro, e o 4 de marzo, celebráronse bailes de Entroido, amenizados por unha banda de 5 músicos, con premios para os mellores disfraces. O día 5, a primeiras horas da tarde, houbo un

«asalto» para os nenos. O salón fora fermosamente decorado polo señor Nogueira, e sorteáranse varios regalos: unha bandexa de prata, doada por M. Galán, que gañou a mestra de Vilaboa, e un xogo de tocador, que gañou, polo mellor disfrace, a moza Rita Vázquez. [LVG, 19, 24 e 28-2-1933]

Durante as festas de Vilaboa, os días 9, sábado, e 10 de xullo, domingo, o «Ateneo» organizou un baile nos salóns da sociedade. No programa das festas destaca, a parte dos actos relixiosos, un partido entre o «Celta de Rutis» e o «Ferrolán F.C.» da Coruña. Houbo verbenas no campo de fútbol e bailes no Salón "Fina Sport", tocando neste local a banda dirixida por Francisco Brau. [LVG, 8-7-1933]

Nada sabemos de actividades festivas durante o resto de 1933 ata o outono de 1935. Xa mencionamos anteriormente que, debido á conflictividade destes anos, as sociedades mesmo chegan a estar clausuradas.

O 20 de outubro de 1935, domingo, dentro dos festexos conmemorativos do IV aniversario da fundación da sociedade, celebrouse un baile nos xardíns do pazo «La Milagrosa», propiedade de Pilar Millán-As-tray (escritora cuxa familia materna era de Vilaboa), quen cedeu gratuitamente o uso dos xardíns. Houbo orquestra e fermosas decoracións. O Concello de Culleredo perdoara as taxas correspondentes, dado o fin cultural do acto. [A.M.C., Libros de Actas, 19-10-1935; LVG, 18 e 20-10-1935]

Relacións con outras entidades.....

O Ateneo de Rutis serviu en ocasións como local para a celebración dos Plenos da Comarcal de San Pedro de Nós da C.N.T.; así, sabemos, polo menos, que se celebra un o 5 de febreiro de 1933. [SO, 109 (4-2-1933)]

Convocados previamente polo Centro de Estudios Sociais "Germinal", o 10 de novembro de 1935 o «Ateneo», xunto con outras sociedades culturais, entre as que podemos salientar as cullerenses «Club Obrero Cultural», da Corveira, vencellada ao P.C.E., ou o Centro «El Despertar» de Río de Quintas (na que participaban persoas de Culleredo), promoveu mitin contra a guerra, que se celebrou no teatro "Rosa-

lía de Castro". Presidido polo vello cenetista Benito Couceiro, interviñeron Pedro Galán Calvete, Uxío Carré Naia, Xabier Posse e Xosé Villa-verde. [LVG, 18-10-1935; 9 e 12-11-1935]

A derradeira actividade cultural organizada celebrouse no mes de xullo, poucos días antes da sublevación militar. O acto desenvolveuse na fraga do señor Ignacio, en Vilaboa, falando a secretaria da sociedade, Virxinia Blanco, o presidente, Ernesto Santiso, e os presidentes da Sociedade Cultural dos Castros e da Comisión de Cultura, Xoaquín Rodríguez e Xulio Martínez Domínguez. Tamén fixo uso da palabra o ferroviario coruñés Xacinto Méndez, membro do comité da Confederación Rexional Galaica, sobre un suxerente tema: «Naturismo». Asistiron tamén representantes doutras sociedades irmás. Posteriormente celebraríase un baile, a cargo dun sexteto musical, nunha «suntuosa finca» de Vilaboa. [LVG, 15-7-1936; *Solidaridad*, 55 (11-7-1936)]

O fin do Ateneo

A mediados de agosto de 1936 informa a prensa que se viña de decretar a clausura de centros obreiros, Ateneos, etc., de inspiración socialista, comunista, sindicalista ou anarquista, ordenándose a incautación do seu material, e queimándose os libros "perniciosos e pornográficos". Nas piras funerarias argalladas polos falanxistas ardería boa parte da biblioteca de "Germinal".

Para o "Ateneo de Rutis" a situación foi a mesma; logo dalgún contacto co presidente, Ernesto Santiso, vemos que, o 4 de setembro de 1936, hai unha carta do alcalde de Culleredo comunicando un acordo relativo á solicitude do presidente do Ateneo de Rutis e, un día despois, o alcalde remite ao gobernador civil toda a documentación do Ateneo.

Os Protagonistas

Ernesto Santiso Rodríguez

Natural da Coruña, onde naceu en 1905, era fillo natural de Xosefa Santiso Rodríguez. Casaría en Vilaboa con Mercedes Martínez Seijas, cigarreira de profesión, o 16 de abril de 1928, asentando o seu domicilio nesta parroquia cullerdense.

Contribuíu a organizar sindicatos obreiros e labregos na bisbarra coruñesa e noutras partes de Galicia. Ocasional conferenciante, colaborou, con artigos de temas variados (sindicais, reflexións persoais, etc.), nos voceiros da C.R.G. *Solidaridad Obrera* e *Solidaridad*, así como no xornal *C.N.T.* e na revista *Brazo y Cerebro*. Tamén en *La Voz de Galicia* aparecen en varias ocasións colaboracións súas referidas a Culleredo (problemas de transportes, crónicas de actividades do Ateneo de Rutis, reseñas deportivas...).

